

Asistentes:
Canosa Saa, José
Fernández Nóvoa Alejandro
Hermida Ramón, José Manuel
Pérez Cid, Benita
Pérez Juste, Ignacio
Ramos Docampo, Miguel Alexandre
Teixeira Bautista, Marta

Excusan asistencia:
Álvarez Rodríguez, Rosana
Barreiro Castro, Cándida

ACTA DA COMISIÓN DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE QUÍMICA DO DÍA 31/10/2017

Ás 12:30 horas do día 31 de outubro de 2017 reúnese, na Sala de Xuntas do Decanato, a Comisión de Garantía de Calidade (en adiante CGC) da Facultade de Química, previamente convocada, e coa asistencia dos membros reseñados, para tratar a seguinte

ORDE DO DÍA

1. Validación, se procede, das novas versións dos procedementos da área de procesos de persoal do SGIC (PE-01 P1 e PE-02 P1 e DO-0201 P1 (índice 05)).
2. Análise e toma de postura fronte á posibilidade de abordar o proceso de certificación da implantación do SGIC no presente curso académico.

1. O Decano informa sobre as novas versións recibidas dende a Área de Calidade da Universidade dos procedementos da área de procesos de Xestión de Persoal do SGIC (PE-01 P1 e PE-02 P1) que ademais provocan un cambio menor no procedemento de Docencia DO-0201 P1. O Coordinador de Calidade puntualiza as diferenzas máis significativas respecto das versións anteriores.

Unha vez analizados o seu contido, válídanse por asentimento.

2. O decano expón a posibilidade de abordar o proceso de certificación da implantación do SGIC, animados polos responsables da Área de Calidade. Neste sentido, e tras a experiencias de certificación de outros centros, a Área de Calidade tamén incidiu en que a certificación non debe supoñer a valoración do deseño do sistema de calidade, senon a súa implantación no centro.

Tras diversas intervencións dos membros da Comisión de Garantía de Calidade, acordase apoiar a proposta e enviala á próxima Xunta de Facultade.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:45 h do día sinalado, e como Secretaria dou fe, co visto e prace do Decano.

O Secretaria

Marta Teijeira Bautista



O Decano

Ignacio Pérez Juste